

PLAN DE ACTUACIÓN 2019

ENTIDADE: FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

CIF: G15140023

Nº DE REXISTRO:1988/1

EXERCICIO: 2019

DATOS DA ENTIDADE:

Domicilio:C/ HÓRREO 61

Localidade:SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal:15701

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

1.- ACTIVIDADES.....	1
ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.....	1
A)Identificación	1
B) Recursos humanos empregados na actividade	10
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	10
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	10
ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia.....	11
A)Identificación	11
B) Recursos humanos empregados na actividade	13
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	13
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	13
ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos.....	14
A)Identificación	14
B) Recursos humanos empregados na actividade	15
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	15
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	15
ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea..	16
A)Identificación	16
B) Recursos humanos empregados na actividade.	18
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.	18
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.	18
2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....	19
3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....	20
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade.....	20
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade	20

1.- ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE

A)Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses de Galicia ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

Descrición detallada da actividade prevista

A defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas necesita dunha sólida representación na capital comunitaria a través da cal se traballe para que a toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da nosa realidade e dos nosos intereses. Tal e como recolle o Decreto de Acción Exterior da Xunta de Galicia -aprobado en 2015-, este labor de representación é desempeñada pola Fundación Galicia Europa, mediante o desenvolvemento de múltiples actividades:

- Seguimento das políticas europeas
- Apoio á participación da C.A. galega nas institucións e órganos comunitarios
- Organización de visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas
- Organización de seminarios
- Participación en redes de cooperación interregional
- Ocasionalmente, accións de promoción de Galicia en Bruxelas desde un punto de vista cultural, turístico ou comercial



2019 será un ano especial no que se renovarán as principais institucións comunitarias. Por unha banda, en maio haberá eleccións ao Parlamento Europeo, cuxos resultados reflectirán o nivel de confianza que teñen os cidadáns na capacidade da Unión Europea para achegar solucións aos retos que non poden ser afrontados polos Estados membros en solitario.

Doutra banda, culminará a Comisión Juncker, a cal centrou o seu traballo en 10 prioridades políticas con claro valor engadido europeo que tratou de impulsar renovando a cooperación institucional co Consello e o Parlamento. A migración, o reforzo da Unión Económica e Monetaria ou a loita contra o cambio climático son algúns dos retos aos que a Comisión Europea quixo facer fronte desde 2014 a través de estritos programas anuais de traballo.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa centrará o seu labor de defensa dos intereses galegos nas seguintes áreas:

1. Marco Financeiro Plurianual 2021-2027

Na primavera de 2018, a Comisión Europea presentou as propostas de orzamento a longo prazo da UE, nas que se expón un lixeiro aumento do mesmo para facer fronte á saída do Reino Unido e ás prioridades políticas recollidas na denominada “Axenda dos Dirixentes”: seguridade, defensa e política migratoria. Para as principais partidas de gasto, que son a Política de Cohesión e a Política Agrícola Común, a Comisión propón lixeiras diminucións de -8% e -10% respectivamente, menores que os recortes do 25 ou 30% que chegaron a barallarse.

O obxectivo da Comisión Europea é chegar a un acordo sobre este marco orzamentario antes das eleccións europeas de maio, aínda que o máis probable é que as negociacións se prolonguen ao longo do ano, dado que outras prioridades políticas como o Brexit impediron avanzar nas negociacións.

Os intereses de Galicia neste debate refírense principalmente á partida de Cohesión, da que recibiu máis de 20.000 millóns de euros nos últimos 30 anos, a PAC - coas axudas directas

e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural - e unha pequena parte reservada para a actividade marítimo-pesqueira: o FEMP.

2. Política de Cohesión 2021-2027

Tras a presentación da proposta a finais de maio por parte da Comisión Europea, a Xunta de Galicia fixo unha análise das posibles repercusións en Galicia co apoio da FGE. Ante todo, a Xunta congratúlase de que a proposta de Política de Cohesión para o próximo período siga dirixida a todas as rexións europeas, algo que non se podía dar por suposto e polo que a FGE loitou desde o inicio do debate. Tamén acolle con satisfacción as propostas de simplificación, especialmente no relativo á xestión, a reprogramación e ao sistema de auditorías.

Con todo, preocupan certos elementos das propostas:

- **O particular caso de Galicia** . Dáse o paradoxo de que, a pesar de que o seu PIB diminúe 10 puntos, pasando así de rexión Máis Desenvolvida a rexión en Transición, segundo a proposta actual e os cálculos realizados, Galicia perdería máis dun 40% dos fondos asignados no actual período. A FGE está a traballar nunha estratexia orientada a conseguir solucións a esta situación tan específica, que só se repite en oito rexións europeas. En concreto, reivíndicase que “ningunha rexión que descenda de categoría vexa reducida as súas asignacións respecto ao período precedente”. Deste xeito estase defendendo no Parlamento Europeo e ante o Goberno central.
- **A diminución das taxas de cofinanciación**, que no caso galego supoñería unha baixada de 25 puntos: do 80 ao 55%. Isto implicaría un gran esforzo de investimento moi difícil de realizar a día de hoxe por ter o teito de gasto limitado polo Pacto de Estabilidade e Crecemento.

- **O escaso alcance da modificación do método de repartición**, onde o peso de nivel de PIB no total tan só reduciuse dun 86 a un 81%. Galicia é partidaria de introducir nese método variables relacionadas co envellecemento da poboación, debido ás desvantaxes que isto supón para certas rexións que, como Galicia, contan con case un cuarto da súa poboación por encima da idade de xubilación.
- **A falta de referencias a os retos demográficos**, pois Galicia reivindica que a Política de Cohesión debe desempeñar un papel fundamental para evitar que estas tendencias agraven aínda máis as diferenzas entre rexións. Os fondos estruturais deben axudar aos territorios para ser máis atractivos para atraer e reter poboación.
- **A diminución do orzamento proposto para a Cooperación Territorial Europea**, pois en Galicia existen múltiples exemplos de cooperación co Norte de Portugal que contribúen dunha forma moi clara a derrubar barreiras e construír Europa.

A maior parte destas preocupacións teñen relación coa dotación orzamentaria, polo que a FGE concentrará os seus esforzos na negociación do Marco Financeiro Plurianual (MFP) ao longo de 2019.

Desde 2018 a FGE coordina o Grupo de Traballo de Cohesión da rede informal de colaboración entre as oficinas de representación autonómica en Bruxelas (CORE). Ademais de informar da actualidade, a FGE organiza reunións con responsables das institucións neste ámbito. En 2019, prevé organizar encontros coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER) e coa Comisión Europea.

3. Políticas comúns agrícola e pesqueira

A Fundación traballa en estreita colaboración coas consellerías de Medio Rural e do Mar para o seguimento das

políticas comúns agrícola e pesqueira e o seu impacto en Galicia. Con este obxectivo, a FGE mantén un convenio de colaboración con estas consellerías que lles permite dispoñer dunha asesora técnica especializada nestas materias na súa oficina de Bruxelas. En 2019, prestarase especial atención á evolución das negociacións sobre PAC e da PPC a partir de 2021. En concreto, tras liderar o primeiro ditame do CdR referente ao FEMP e participar no Consello de Pesca en representación das CCAA no segundo semestre de 2018, Galicia defende a necesidade dun maior apoio para a renovación pesqueira. En canto á PAC, a Xunta acordou un documento de posición co sector galego no que reclama unha maior atención ás pequenas e medianas explotacións, así como o establecemento de medidas que permitan responder de forma rápida ás oscilacións dos prezos dos produtos agrarios e dos factores produtivos como os pensos e a enerxía.

4. BREXIT

O Acordo de Saída alcanzado polos negociadores en novembro debe ser ratificado polo Parlamento Británico para poder entrar en vigor e así asegurar que Reino Unido participe no orzamento comunitario e no mercado único, á vez que segue sometido á lexislación europea ata o final de 2020. Nese período transitorio, con todo, non terá presenza nas institucións nin nos sistemas de goberno pois formalmente será un terceiro estado a partir da súa saída, prevista para o 29 de marzo.

No caso de que o Acordo de Saída non sexa ratificado polo Parlamento Británico, o dereito comunitario deixaría de aplicarse en e para o Reino Unido o 30 de marzo e sairía do mercado único. É o peor escenario de todos e ante el as institucións comunitarias insisten en que administracións e empresas en todos os sectores tomen as medidas necesarias.

En 2019 a FGE seguirá prestando unha especial atención a todo este proceso no que -en palabras do negociador

europo, Michel Barnier- “todas as partes perden”. Especial fincapé seguirase facendo na cuestión pesqueira, na que Galicia ten un maior interese. A FGE continuará co labor desempeñado os dous anos anteriores coordinando o grupo de traballo sobre Brexit da Comisión Arco Atlántico da CRPM, ademais de recompilar na súa web *brexitgalicia.eu* a información máis relevante para os galegos.

Tras organizar tres actos do Foro Galego do Brexit en 2018, en 2019 prevense máis reunións en función de como se produza a saída do Reino Unido. O obxectivo deste foro creado en 2018 é recompilar e difundir información relevante sobre a saída do Reino Unido da UE para aqueles actores en Galicia que poidan verse afectados.

5. Desafíos demográficos

En 2019 a FGE continuará impulsando os traballos da rede de rexións polo cambio demográfico (*Demographic Change Regions Network*), co obxectivo de chamar a atención da UE sobre os problemas demográficos que afectan a Galicia e a outras rexións europeas. En especial, reclamará unha atención particular a estes problemas á hora de debater sobre o teito de gasto da UE, sobre o futuro da política rexional e da política de desenvolvemento rural a partir de 2020.

6. Revisión da Rede Transeuropea de Transporte

A FGE estará atenta a que a inclusión da conexión ferroviaria Palencia-Ourense-Vigo-Coruña no Corredor Atlántico, impulsada pola FGE para que fose recollida na proposta da Comisión Europea do mes de xuño, mantéñase na aprobación final do regulamento do Mecanismo Conectar Europa (MCE) 21-27, programa de financiamento que continuará impulsando a Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T).

De forma paralela, continuará trasladando a demanda formulada polo Parlamento de Galicia de que a conexión

ferroviaria Vigo-O Porto inclúase na rede principal da RTE-T. Con vistas á revisión do regulamento en 2023, a FGE estuda diversas posibilidades para chamar a atención ao longo de 2019 sobre esta cuestión de gran importancia para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

7. I+D+i

A Fundación seguirá colaborando coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) para impulsar a participación galega no programa de financiamento comunitario nesta materia, Horizonte 2020, e para promocionar o desenvolvemento de proxectos de innovación industrial con outras rexións a través da chamada *Vanguard Initiative*. Con este obxectivo, en 2019 volverá convocar unha bolsa de prácticas para a oficina de Bruxelas, a través da cal se fará un especial seguimento do debate sobre o programa que sucederá a H2020 en 2021, Horizon Europe. Comprender con antelación a súa estrutura, liñas prioritarias de financiamento e cambios respecto ao programa actual contribuirá, sen dúbida, a fomentar que as entidades galegas presenten boas candidaturas con posibilidades de ser financiadas.

8. Futuro de Europa

O cume europeo de Sibiu celebrárase no Día de Europa, o 9 de maio de 2019, seis semanas despois do Brexit e dúas semanas antes das eleccións europeas. Nela culminárase a axenda política que os xefes de Estado e de Goberno acordaron en outubro de 2017 para acometer os retos en materia de desemprego xuvenil, migración, seguridade, transformación tecnolóxica e dixital e transición cara a unha economía máis sustentable e hipocarbónica. Será un momento crucial para que a UE de 27 dea forma ao que será o seu futuro en 2025, dado que a Comisión presentará unha serie de informes e comunicacións con esa perspectiva, e renovarase a axenda política ao máis alto nivel.

Entre outros temas, a Comisión propoñerá aumentar o uso da votación por maioría cualificada no Consello en materia de



política tributaria, social, climática e relacións exteriores para poder avanzar de forma máis áxil.

A FGE estará atenta a este momento crucial da UE, que por primeira vez perde a un dos seus Estados membros.

Respecto ás canles que empregamos para defender estes intereses no proceso comunitario de decisións, destacamos en 2019:

1. Comité das Rexións

O labor da FGE para asegurar unha participación activa no Comité das Rexións (CdR) continuará durante o próximo ano. O CdR está a ter un papel moi activo na definición do MFP, no impacto do Brexit nos entes locais e rexionais, e en chamar a atención sobre os retos demográficos aos que se enfrontan certas rexións europeas.

2. Redes de cooperación rexional europea

O seguimento e apoio á participación galega en redes de cooperación rexional europea é un dos instrumentos de traballo utilizados pola FGE á hora de axuntar sinerxias con outros territorios da Unión en defensa de intereses comúns. Galicia participa en varias redes de cooperación tanto de dimensión territorial, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), como sectorial, no campo da I+D+i (ERRIN), o turismo (NECSTOUR) ou a innovación industrial (Vanguard Initiative). A FGE presta apoio aos distintos departamentos da Xunta de Galicia para sacar o máximo proveito a estas redes, tanto na defensa duns intereses comúns ante a UE, como para a posta en marcha de proxectos europeos por mor dos contactos feitos nelas.

En relación con NECSTOUR, a FGE contará por primeira vez cun bolseiro da Axencia Galega de Turismo na súa oficina de Bruxelas para reforzar a participación galega nesta rede que

pretende impulsar o turismo europeo e garantir a súa sustentabilidade.

No caso da CRPM, continuarase traballando especialmente na revisión da Rede Transeuropea de Transporte, na revisión da Estratexia marítima Atlántica Europea -apostando pola súa conversión nunha verdadeira estratexia macrorregional - e no futuro da Política Rexional. É particularmente destacable o liderado exercido por Galicia nesta rede, a través da coordinación do grupo de traballo da Comisión Arco Atlántico relativo ao Brexit.

3. Presenza de Galicia en Bruxelas

A Fundación presta apoio a aquelas entidades galegas públicas ou privadas que queren achegarse a Bruxelas para participar de modo efectivo no proceso de decisión comunitaria e nos programas europeos. Con este obxectivo pon á súa disposición o coñecemento da Fundación Galicia Europa sobre o funcionamento das institucións comunitarias e o seu proceso decisorio, e facilítalles, no seu caso, un espazo común de traballo. A oficina da FGE en Bruxelas quere ser un escaparate único de Galicia na capital europea e axuntar os esforzos dos diferentes sectores en beneficio do desenvolvemento de Galicia. É o caso actualmente de CONXEMAR e FEUGA, que alugan o seu espazo de oficina na propia sede da Fundación en Bruxelas.

O importe desta actividade asignado para 2019 distribuirase principalmente entre gastos de organización e participación en reunións e conferencias en Bruxelas, ademais da organización de visitas institucionais a Bruxelas.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	3.218
Bolseiros en prácticas	7	5.113
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas -directas	1.000
Persoas físicas - indirectas	7.000
Persoas xurídicas	40
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	Reunións do Comité das Rexións, reunións na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	250

ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia

A)Identificación

Denominación da actividade	Información sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade*	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A información é un dos eixos centrais do labor desenvolvido pola Fundación Galicia Europa pois constitúe un requisito indispensable para poder defender os intereses galegos e para facilitar a participación das entidades galegas en programas de financiamento comunitario.

A información canalízase a través de publicacións, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, e principalmente, a través do **portal web** (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) e das súas redes sociais, que constitúen o medio máis eficaz para a transmisión de información ao gran público e a sectores especializados (funcionarios, empresas, entidades locais, etc.). A FGE colabora, ademais, mensualmente con ECO - Revista do Eixo Atlántico, elaborando artigos para explicar a actualidade comunitaria en Galicia.

Así mesmo, a FGE responde a consultas **puntuais** sobre a UE que poden agruparse en dous grandes apartados: o financiamento comunitario e as posibilidades de emprego e prácticas nas institucións comunitarias.

En 2019, continuarase co **boletín electrónico quincenal** que recolle noticias de actualidade comunitaria desde unha perspectiva galega e

da participación galega nos asuntos europeos, así como anuncios de convocatorias e de procuras de socios para participar en proxectos europeos.

Desde 2018, a FGE conta cunha web dedicada a recoller toda a información relacionada co Brexit no marco do **Foro Galego do Brexit**. Nesta web recóllense, entre outros elementos, novas, os últimos documentos de negociación e as fichas sectoriais que a Comisión publicou para guiar a todos os actores da UE 27 a deseñar plans de continxencia no caso de que non haxa un acordo de saída de Reino Unido da UE.

Doutra banda, seguirase actualizando o apartado de “Financiamento **comunitario**” do sitio web como complemento á “Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020” publicada en papel, así como a “Guía de saídas laborais na UE e outras organizacións internacionais” que, tras cinco edicións en papel, está dispoñible *en liña*, o que permite unha actualización máis constante das oportunidades de emprego e prácticas.

A contía asignada a este obxectivo destinarase ao mantemento da páxina web e ás tarefas de información europea para mozos.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	585
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea mozos	1	488
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas - directas	5.500
Persoas físicas - indirectas	20.000
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	Portal web, boletín, colaboracións con revistas, oficina de información xuvenil	400

ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos

A)Identificación

Denominación da actividade	Fomento da participación en proxectos europeos
Tipo de actividade*	Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista

A FGE quere seguir prestando apoio a todas as entidades galegas con intereses no financiamento comunitario. Ademais da **información ofrecida no portal Web e na Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020**, a FGE está aberta a colaborar con outras entidades para organizar todo tipo de actos relacionados co chamado “labirinto do financiamento comunitario” e responder as consultas puntuais que se lle expoñan.

En canto ao **programa de especialización en financiamento comunitario TecEuropa**, as sete edicións organizadas ata o momento reuniron a 140 participantes procedentes da administración pública autonómica, provincial e local, das universidades, entidades do ámbito social e asociacións empresariais. A avaliación do programa é moi positiva pola visión xeral ofrecida do financiamento comunitario e o contacto que permite establecer entre persoas de entidades diversas en Galicia que desenvolven proxectos europeos ou xestionan fondos comunitarios.

O obxectivo para 2019 é afianzar esta rede de contactos mediante a organización de máis encontros en Galicia, así como organizar novas edicións do programa con novos participantes.

TecEuropa trata de mellorar as capacidades de profesionais de entidades galegas públicas e privadas para participar en proxectos de dimensión europea. Mellorar as súas capacidades e coñecementos, e facilitar os contactos entre eles permitirá deseñar mellores proxectos, aproveitar as experiencias duns e outros en beneficio de todos e, en suma, conseguir un maior impacto dos fondos europeos na nosa comunidade.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	1.365
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea novas	1	975
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	300
Persoas xurídicas	55
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
PROMOCION DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	Asesoramento nas posibilidades de financiamento, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiamento comunitario, apoio na xestión de proxectos	100

ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea

A)Identificación

Denominación da actividade	Formación e sensibilización sobre a realidade europea
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A maior parte dos recursos asignados a este obxectivo destínanse a financiar as 7 **bolsas de formación** para mozos galegos nas oficinas da FGE de Santiago e Bruxelas. En 2019, do mesmo xeito que nos tres anos precedentes, unha destas bolsas dedícase especificamente á formación en Bruxelas no ámbito da I+D+i, en colaboración con GAIN. O obxectivo deste programa propio de bolsas é formar a profesionais que poidan integrarse no mercado laboral cuns coñecementos e capacidades específicos do funcionamento e políticas da UE. Paralelamente, a oficina da FGE en Santiago acolle a estudantes en prácticas das universidades galegas ao longo do ano, que tamén se benefician desta formación en asuntos comunitarios.

Doutra banda, a FGE seguirá en 2019 participando e colaborando en diversos foros relacionados coas **posibilidades de emprego e prácticas na UE**. Así mesmo, colaborará coas oficinas de información europea en Galicia (*Entreprise Europe Network* e *Europe Direct*) para apoiarse na difusión das súas actividades, coordinarse para ofrecer contidos específicos a distintos públicos en Galicia e, eventualmente, organizar actividades conxuntas que teñan un maior impacto en Galicia.

No tocante á sensibilización sobre o papel da UE, en 2019 impulsaremos o **debate en Galicia sobre o futuro da UE** para

contribuír ao proceso de reflexión a escala europea. Nestes tempos de euroescepticismo que estamos a vivir, marcados por un feito tan preocupante como a saída do Reino Unido da UE, queremos que Galicia contribúa a consolidar o proxecto de integración europea para que se converta nun referente de estabilidade e prosperidade nun mundo global cheo de incertidumes políticas. Enfrontámonos agora na escena europea, non só aos debates sobre o futuro das políticas europeas, os problemas migratorios ou aqueles derivados do cambio climático, senón tamén, e sobre todo, ao debate sobre o futuro da propia Unión Europea. Por iso, continuaremos fomentando a organización de foros cidadáns en Galicia como os Cafés con Europa ou o Parlamento Europeo dos Mozos celebrados en 2018.

Ademais, coa vista posta nas eleccións europeas de finais de maio, a FGE continuará coa súa recentemente iniciada campaña para animar ao voto para as eleccións europeas do 2019. Baixo o lema [#GaliciaVotaNaUE](#), a FGE únese á iniciativa [Esta vez voto](#) posta en marcha polo Parlamento Europeo, que pretende loitar contra a abstención creando unha comunidade de voluntarios dispostos a promover a importancia do voto e da participación nos próximos comicios europeos.

O obxectivo é animar á sociedade galega, e principalmente á mocidade, a que participe nas eleccións europeas. Nos anteriores comicios, celebrados en 2014, a abstención entre os mozos españois foi superior ao 70%.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	2.633
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea novas	1	488
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas – directas	600
Persoas físicas - indirectas	
Persoas xurídicas	50
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	Bolsas, cursos, seminarios e xornadas	30

2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	DEFENSA INTERESES GALICIA EN BRUXELAS	INFO SOBRE A UE EN GALICIA	PROMOCION DA PARTICIPACION EN PROXECTOS EUROPEOS	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	TOTAL ACTIVIDADES	Non imputados a actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
a) Axudas monetarias	- €	- €	- €	132.657,28 €	132.657,28 €	- €	132.657,28 €
b) Axudas non monetarias	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
c) Gastos por colaboracións e órganos dB goberno	- €	- €	- €	1.500,00 €	1.500,00 €	- €	1.500,00 €
Variacións de Existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Aprovisionamentos	444,02 €	222,01 €	- €	222,01 €	888,04 €	4.222,01 €	5.110,05 €
Gastos de persoal	126.511,66 €	16.835,05 €	22.968,45 €	94.076,66 €	260.391,82 €	122.438,67 €	382.830,49 €
Outros gastos de Explotación	66.729,82 €	20.520,43 €	100.427,27 €	40.730,59 €	228.408,10 €	70.453,54 €	298.861,64 €
Amortización do inmovilizado	33.105,60 €	2.758,80 €	2.758,80 €	2.758,80 €	41.382,00 €	13.794,00 €	55.176,00 €
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado.	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Gastos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Impostos sobre beneficios	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Subtotal	226.791,10 €	40.336,29 €	126.154,52 €	271.945,34 €	665.227,24 €	210.908,21 €	876.135,46 €
Investimentos 'excepto bens patrimonio histórico)	- €	- €	- €	- €	- €	5.000,00 €	5.000,00 €
Adquisicións bens patrimonio histórico	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Cancelación débeda non comercial	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Diminución de subvencións	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Diminución de débedas	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Aumento de debedores comerciais e outras contas para cobrar	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Aumento de periodificacións a curto prazo	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Aumento de tesourería	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Subtotal	- €	- €	- €	- €	- €	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL	226.791,10 €	40.336,29 €	126.154,52 €	271.945,34 €	665.227,24 €	215.908,21 €	881.135,46 €

3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	52.500,00€
D. Xeral de Mocidade	42.500,00€
Consellería do Mar	10.000,00€
Ingresos comúns das actividades mercantís	50.764,56€
Aluguer oficina	50.765,56€
Subvencións do sector público	737.370,90€
Xunta de Galicia	590.417,00€
Axencia Galega de Innovación	32.540,00€
Conorcio Zona Franca de Vigo	18.000,00€
Deputación da Coruña	15.000,00€
Deputación de Lugo	15.000,00€
FEDER Lidera	47.812,58€
FEDER Eurocidade	18.601,32€
Achegas privadas	40.000,00€
ABANCA	40.000,00€
Outros tipos de ingresos	500,00€
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	881.135,46

3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	
Outros deberes financeiros asumidos	
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	